

DECRETO NÚMERO \$

EXCMA. SR. DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, ALCALDE PRESIDENTE DO EX-CMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NA MODALIDADE DE INCORPORACIÓN DE REMANENTES DE CRÉDITO (EXPTE IRC 11/2025).

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de incorporación de remanentes de crédito por importe total de **5.223.949,14 euros** dentro do vixente orzamento desta Corporación, iniciado por providencia da Alcaldía do 05.05.2025

Visto o informe de Intervención do 06.05.2025 Ref.: /2025, emitido en contestación á Providencia do Excmo. Sr. Alcalde.

Considerando o disposto nos artigos 182 do TRLFL, 47 e 48 do Real Decreto 500/1990 así como o artigo 127 da LBRL, as Bases de execución do mencionado Orzamento, e o informe de Intervención.

Considerando o Decreto número 3785/2025 do 13.04.2025 de aprobación da liquidación da execución orzamentaria do Concello de Lugo 2024 en base ao contido dos informes da Intervención Xeral Refs 515/2025 do 10.04.2025 e 521/2025, do 11.04.2025, onde se cuantifican as magnitudes de natureza orzamentaria e financeira, ademais de conter o estado de desviacións de financiamento derivado dos Proxectos de Gasto con Financiamento Afectado.

Considerando que o financiamento de dita modificación ven determinado pola existencia de recursos financeiros suficientes derivado da aplicación parcial do Remanente de Tesourería para Gastos Xerais, así como polos compromisos firmes de aportación e os excesos de financiamento derivado dos estados das desviacións de gastos con financiamento afectado.

Veño a resolver:

A aprobación do presente expediente de modificación de créditos mediante a súa modalidade de incorporación de remanentes de crédito por importe de **5.223.949,14 euros**, en base á consideración de remanente de crédito incorporable, coas seguintes consideracións:

Importe: 5.223.949,14 euros.

Financiamento:

- ✕ **Financiamento Afectado:** *Compromisos firmes de aportación e excesos de financiamento afectado (desviacións de financiamento positivas, acumuladas e por conceptos).*
- 1. *Excesos de financiamento afectado (estados de gastos de financiamento afectado derivados da liquidación do exercicio 2024 e que se aplican no presente expediente): 2.353.135,00 €*

INTERVENCION

LVP/ccg

Refª: ispac3588529863139058818.doc

Asunto: Decreto aprobación IRC 11/2025

2. *Compromisos firmes de aportación: 222.347,71 €*

✧ **Remanente de Tesourería para Gastos Xerais**

1. *Aplicación resto IRC con cargo a RTGX: 2.648.466,43 €*

Sendo o expediente que a aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na contabilidade dá Corporación os axustes derivados de dito expediente.

Cúmprase.

O Excmo. Sr. Alcalde

(Asinado dixitalmente na data que figura á marxe)